

## XIANA INSUA PARDO, soprano



Natural de Vilalba (Lugo), traslándose coa sua familia á vila de Viveiro onde comeza os seus estudos musicais aos 9 anos. Levada pola súa paixón á música, anos máis tarde traslándose a A Coruña para estudar piano e pedagogía musical no conservatorio superior.

Dende que remata os seus estudos de pedagogía comeza a traballar combinando os seus estudos líricos e percorrido coral coa súa labor docente como mestra de linguaxe musical, educación auditiva e vocal, coro e iniciación á música en escolas de música e conservatorios nas cidades de A Coruña e Vigo. Así mesmo, codirixe o coro MiniGaos dende a súa creación e colabora como asistente no Curso de Interpretación Vocal impartido polo Maestro Alberto Zedda (2014-2016) e a soprano Renata Scotto (2017), organizado polos Amigos de la Ópera de A Coruña.

Durante os seus estudos no Conservatorio Superior de Coruña fórmase en diversos eidos relacionados coa pedagogía, estudiando con Violeta Hemsy de Gaínza (2003), Javier Romero Naranjo (2009), Jos Wuytack (2011), método Dalcroze con Laura Andrés (2016); coa dirección coral con Maite Oca (2012 e 2014), Basilio Astulez (2013), David Azurza (2015), Elena Rosso (2015), Josu Elberdin (2016) e Marco G. de Paz (2011); e co Piano e a Música de Cámara con mestres coma Matthijs Verchoor, Anna Poghosyan, Robert Shugarov, Andrej Pikul, Nino Kereselidze, Imre Rhomann e Alexander Kandelaki. No curso 2010-2011 é becada e trasladase a Bologna, Italia.

Na Coruña forma parte de formacións como o Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia durante sete tempadas ou o Coro Gaos dende a súa fundación ata a actualidade, participando en todo tipo de programas sinfónico-coraís, óperas e tamén repertorio a capella. Neste último apartado, e co afán de non desvincularse da vila na que creceu, participa na creación do Coro de Câmara de Viveiro (actualmente coro *Tempus Fugit*), sendo solista habitual desta formación, así coma do Coro Gaos, dentro e fóra de Galicia, en numerosos concertos entre os que caben destacar o ciclo das catedrais co *Requiem* de

W. A. Mozart, a *Messa di Gloria* de G. Puccini, a Novena Sinfonía de Beethoven, festivais corais como o 49º Festival Internacional de canto coral de Barcelona; e certames nacionais e internacionais como Certamen Coral de Ejea de los Caballeros (2º premio), Certamen nacional Antonio José de Burgos (1º premio), Certamen Coral Villa de Avilés (1º Premio), Certamen Internacional Coral de Habaneras y Polifonía de Torrevieja (premio do público), Gran Premio Coral 2017 en Villanueva de la Serena.



Participa tanto no Festival Mozart como no Festival de Amigos de la Ópera e na Temporada Lírica de Coruña e en Vigo e Santiago en diversas óperas como *Evgeni Onegin*, *Turandot*, *Fille du Regiment*, *O Esquío Esperto*, *La Clemenza di Tito*, *Elisir d'Amore*, *Madama Butterfly*, *Lucia di Lammermor*, *La Traviata*, *La Flauta Mágica*, *Falstaff*, *Un ballo in Maschera*, *Lucrezia Borgia* e *La Sonnambula*; traballa baixo a batuta de maestros como Alberto Zedda, Keri-Lynn Wilson, Ramón Tébar ou Miguel Ángel Gómez Martínez, entre outros.

Como soprano solista canta o Salmo 42 de Mendelssohn coa Orquesta e o Coro Gaos, a Fantasía Coral de Beethoven co coro e a orquesta do Conservatorio Superior de Música da Coruña, e participa en recitais de ópera coa pianista Ludmila Orlova e outros cantantes relacionados coa cidade herculina.

No ano 2015 retoma os seus estudos de canto. Ingresa no Conservatorio Superior de Vigo baixo a tutela da soprano Teresa Novoa. Ó longo do seu percorrido recibe leccións e consellos de mestres e cantantes como Manuela Soto, Marc Sala, Daniel Muñoz, Borja Quiza, María Teresa Bárbara Criado, Clara Panas, Helena Lazarska, Patrizia Gallo, Martin Wölfel, Fabio Cetanni, Manuel Burgueras, Alberto Zedda e Carmen Subrido (na actualidade).